


Informe 2017 actuacións SGHN

Sociedade Galega
de
Historia Natural





Entidade Científica sen ánimo de lucro fundada en 1973. Inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 584.918. Inscrita no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2009/0110. Nº AO/C-000/382 do Rexistro de Asociacións Culturais Galegas. Membro do Consello Galego de Medio Ambiente.

Os cargos directivos da SGHN son estatutariamente non remunerados.

O presente informe é a compilación de actuacións da SGHN durante o ano 2017, distribuídas segundo a súa organización en Seccións, Delegacións e Museo.

Cuns recursos financeiros moi limitados (105.199,19 euros) SGHN mantivo aberto un museo de Historia Natural en Ferrol, con dúas empregadas a tempo completo, fai custodia do territorio na antiga lagoa de Antela (Ourense) en 38 ha, forma parte de Fragas do Mandeo, entidade de custodia do territorio integrada por Rabo de Galo, G.N. Hábitat e SGHN no Mandeo (A Coruña), así como desenvolve unha intensa actividade concienciativa e de recuperación nas Gándaras de Budiño (Pontevedra). Participa en varias mesas sectoriais e forma parte do Consello Galego de Medio Ambiente.

Mantén a publicación dixital da revista BRAÑA e por falta de recursos financeiros on foi posible publicar a revista PASPALLÁS. Diversas fichas divulgativas, de libre e gratuíto acceso sobre fauna e flora están disponibles na web da entidade.

Organizáronse dúas xornadas, I Congreso de Astronomía e Astrofotografía, desenvolvido en Ferrol o 7 e 8 de abril e a I Xornada Galega de Patrimonio Natural e Biodiversidade, desenvolvida o 25 de novembro de 2017 en Pontevedra.

<i>RESUME CORRESPONDENCIA</i>					
<i>Correspondencia ordinaria</i>	<i>Escritos á Admón.</i>	<i>Denuncias a Xulgados</i>	<i>Notas de Prensa</i>	<i>Correos elect.</i>	<i>TOTAL</i>
15	294	2	35	11.309	
<i>RESUME ACTUACIÓNS</i>					
<i>Conferencias /Charlas</i>	<i>nº asistentes</i>	<i>Excursións/saídas monitorizadas</i>	<i>nº asistentes</i>	<i>Visitantes Museo</i>	<i>Horas investidas voluntariado</i>
45	➤ 800	41	➤ 711	➤ 7.000	3578

XUNTA DIRECTIVA XERAL

ACTIVIDADES CON PERSOAS (15)

- Incendios forestais: 11 conferencias en Vigo (2), Nigrán, Gondomar (2), Ponteareas, Verín (2), Pontevedra (2), Cangas.
- Mina de cobre de Touro: 2 conferencias en Santiago e Touro.
- Presentación SGHN e actividades sobre *Eryngium viviparum* na Limia (Belz, Francia).
- Mesa redonda “Medio e natureza na Galicia de mañán” co gaio do 40 aniversario do Museo do Pobo Galego.

ASISTENCIAS A ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN (4)

- Asistencia a órgano de participación da RB de Ancares, Oscos e Terras de Burón.
- Reunión Comités Consultivos externos da EPS de Enxeñaría de Lugo e da Facultade de Bioloxía da USC.
- Reunión sobre modelo forestal organizado pola Fundación Juana de Vega (11-12-2017).

ESCRITOS PRESENTADOS (212)

- Agricultura-Gandería (153 escritos): alegacións a 42 peticións de cambio de uso de forestal a agrícola e a 111 granxas novas ou ampliacións.
- Auga (12 escritos): análises HAPs nos encoros, río Limia (denuncias vertedura augas fecais e desbroces no río Limia e no de Ganade , preguntas sobre captacións ilegais, sondeos en Antela e balance hídrico), solicitude restauración península da Bunge no río Mero denuncia praia fluvial Saamasas no río Miño.
- Biodiversidade (10 escritos): petición veda caza e pesca pola seca e os lumes, información pública orde de vedas e seguridade nas batidas ao porco bravo; preguntas axotamento porco bravo no canaval do Ulla e afección á escribenta das canaveiras; petición erradicación de *Ludwigia grandiflora* no río Barbaña; mortandade petos reais en Pontevedra e cegoña electrocutada na Limia.
- Contaminación (1 escrito): alegacións a planta asfáltica en Parada de Ribeira.
- Enerxía (7 escritos): alegacións caducidade fábrica da luz río Miño (Lugo), 4 parques eólicos e planta de biomasa en Curtis; solicitude anulación DIA central reversible Conchas-Salas (Ourense).
- Espazos naturais (9 escritos): apoio a campaña protección Cova Rei Cintolo; denuncia festas e megafonía en Rede Natura (2 escritos); rexeneración praia de Sada e afección a zosterol (4 escritos); pregunta canteira no Parque Natural Enciña da Lastra.
- Minería (18 escritos): alegacións ao Plan Sectorial das Areeiras da Limia, a 5 canteiras, 1 barreira, 1 mina, 2 louseiras e 3 areeiras; preguntas sobre 1 louseira e 1 areeira.
- Residuos (2 escritos): alegacións a 2 centros de xestión de RCD (A Coruña).

ENTREVISTAS MEDIOS DE COMUNICACIÓN (10)

- Radio: 7 entrevistas sobre incumprimento caudais río Limia, prohibición eucaliptos en varios concellos, seca e aforro de auga, erosión postincendio, mina de cobre en Touro e día mundial dos humidais.
- Televisión: 1 entrevista en V Televisión polos incendios da primavera.
- Xornais: 2 entrevistas sobre normativa xestión puríns, depuradora de Santiago e mina de Touro.

XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS e PUBLICACIÓNS

- Xestión contable adaptada á normativa legal de aplicación.
- Mantemento e actualización páxina web.
- Publicación do nº 15 da revista BRAÑA.
- Xestión do facebook da Xeral.

DELEGACIÓN DAS MARIÑAS

Informe de Situación

Este ano o máis destacable na nosa Delegación foi a participación no proceso de creación do Consello Sectorial Ambiental do concello de Sada, cunha actividade importante este ano como foi a elaboración do regulamento de benestar animal municipal ou a rexeneración da praia de Sada. Este último asunto foi moi importante xa que dende a Delegación seguimos mantendo a nosa oposición a este proxecto, que entre outras cousas ía destruír unha pradería de *Zostera* de 20 has. Como novidade tamén están as ofertas de xeiras ornitolóxicas para iniciarse na observación de aves.

DIVULGACIÓN

- Charlas: aves invernantes en febreiro con saída á comarca da Limia.
 - Plantas medicinais con saída ao Courel en outubro.
 - Saídas guiadas: Ás ínsuas do Miño e ollos de Begonte, Xeorruta en Bares e Loiba.
 - Mini-cursiños: debuxo da natureza en xullo. Algas en agosto e cogomelos en novembro.
 - Saídas (“xeiras”) ornitolóxicas de iniciación á observación de aves en marzo, abril, outubro e decembro.
- En total nas actividades de divulgación participaron 252 persoas.

OUTROS

- Presentación de escrito de protesta ao novo proxecto de senda fluvial aos Caneiros promovido polo concello de Betanzos xunto con outras entidades ambientalistas. Conseguiuse que o concello contratase unha nova redacción da obra seguindo a maioría das indicacións que aparecían nas alegacións.
- Escrito de protesta presentado ante a Demarcación de Costas de Galicia para paralizar o proceso de contratación da obra de Rexeneración da Praia de Sada. Presentouse xunto con outros grupos. Redacción dos escritos presentados pola presidencia da SGHN neste mesmo tema ante a ministra do MAGRAMA, UICN, OSPAR e Dirección Xeral de Patrimonio Natural. De xeito provisional conseguíuse paralizar o proceso de contratación para analizar os impactos ambientais.
- Escrito de protesta contra o coto de caza de Carnoedo (Sada) por realizar batidas de caza maior sen estar autorizadas.
- Presentación de escrito de protesta xunto con outros en relación ao cambio e uso e desprotección de solo rústico de protección en zona de alto valor ambiental no concello de Aranga. Conseguiuse que o concello paralizase o proceso.
- Artigo de opinión na revista “Areal” sobre a necesidade de preservar o zosterol da praia de Sada e polo tanto non levar a cabo o aporte de area previsto na obra de rexeneración.
- Denuncias na policía local de Sada sobre un recheo na parroquia de Soñeiro e afección ao castro de San Mamede en Carnoedo.
- Participación nun obradoiro sobreo río Mandeo como dinamizador socio-económico do territorio da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.
- Colaboración coa xornada de voluntariado ambiental para recollida de lixo no bosque de ribeira do río Barcés en decembro 2017.
- Participación na reunión en Betanzos para explicar publicamente as modificacións realizadas polo concello no proxecto de senda fluvial aos Caneiros (novembro 2017).
- Participación nas reunións da xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural “As Mariñas-Betanzos” en representación da mesa de medioambiente e mozos (5 reunións).
- Reunión co Grupo de Acción Costeira Sur para promover un proxecto de eliminación de especies vexetais invasoras no tramo de costa entre Fontán e Carnoedo en Sada.
- Participación nas reunións do Consello Sectorial de Ambiente do concello de Sada (4 reunións).
- Realización das mostraxes trimestrais do seguimento de carnívoros medianos en colaboración co grupo GEAS nos concellos de Sada e Bergondo.
- Realización do censo de aves invernantes da ría do Burgo, ría de Ares-Betanzos e encoro de Cecebre no mes de xaneiro.
- Participación nas actividades organizativas e de voluntariado da Fundación Fragas do Mandeo dedicada á custodia do territorio.
- Colaboración coa IV Maratón Ornitolóxica organizada polo G.N. Hábitat dentro da Reserva da Biosfera “Terras do Mandeo e Mariñas Coruñesas” en maio.
- Colaboración na Xornada de Limpeza de Praias organizada pola Cruz Vermella de Sada en maio.
- Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria da Delegación en agosto.
- Mantemento do Facebook da Delegación con incremento constante do número de contactos.

DELEGACIÓN DE FERROL

Informe de Situación

2017 foi un ano de transición entre o semestre de 2016 da toma de posesión do actual equipo directivo e a necesidade de ir abordando as necesidades de mellora do funcionamento da Delegación, do Museo e da SGHN no seu conxunto. O principal problema a abordar foi a demora excepcional na firma do convenio do Museo, realizada o 28 de outubro, o que levou á Delegación de Ferrol e á SGHN a unha situación de falta de liquidez extrema, habendo que recorrer ao préstamo persoal de tres directivos para facer os últimos gastos contemplados en convenio. Este pagouse polo concello en dúas quendas entre finais de decembro e primeiros de xaneiro.

Dada esta situación e ao máisculoso retraso á hora de asinar o Convenio co Concello de Ferrol, non foi posible facer máis gastos que os mínimos indispensables e algunha bibliografía técnica imprescindible.

Pese a iso, procurouse comezar con actividades para os socios seguindo estas liñas de traballo: charlas, cursiños e conferencias (con carácter naturalista e científico); saídas ao campo (organizadas pola entidade para a SGHN e outras entidades); reunións con persoas e colectivos (con vistas á boa xestión e defensa do medio natural, de carácter institucional, etc).

É de salientar a actividade ornitolóxica nas tarefas de censos de invernantes de xaneiro, o seguimento das colonias de aves mariñas da contorna e o seguimento de cría da Píllara das dunas nas praias de Ferrolterra. Tamén, séguese co seguimento no primeiro sábado de cada mes de paso de aves mariñas dende Cabo Prior dentro do programa RAM (Rede de Aves Mariñas).

Outro feito salientable deste ano foron as colaboracións coas comunidades de Montes Veciñais en Man Común de Covas e Esmelle; conteñen estas terras de propiedade particular moitas hectáreas de hábitats prioritarios que xestionados cun enfoque ambientalmente aceptable, son un tesouro para as nosas terras. Este verán fíxose un esforzo para elaborar 7 cartaces interpretativos, co que encher unha tenda cedida pola organización do evento Equiocio, celebrado nas Cabazas; o custo da impresión correu ao cargo da Comunidade de Montes e a SGHN puxo o deseño e os monitores para facer dúas rutas gratuítas, nas que participaron unhas 40 persoas.

FAUNA

- 03/03/2017 Reunión en Santiago do Grupo de Coordinación da Píllara das dunas na Facultade de Bioloxía de Santiago
- 21/04/2017 Reunión provincial da Coruña, realizada no Ceida sobre á coordinación das medidas de protección da Píllara das dunas.
- 15/06/17 Reunión de campo do Delegado con técnicos de Urbaser e o Arquitecto do Concello en Doniños e San Xurxo e Esmelle, para a coordinar a limpeza das praias para cumprir o plan de protección da Píllara das dunas
- 30/11/12 Reunión co Xefe Demarcación de Costas, para debater sobre unha proposta de balizamento de duna gris na praia de Esmelle- San Xurxo dentro do Plan Píllara, que foi aceptado.

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN, XEIRAS NATURALISTAS E EXCURSIÓNS

05/04/2017 Charla "A píllara das dunas en Ferrolterra" poñente Dra. Dona María Vidal Malde, bióloga da USC. Organizada por Ornitología Ferrol. 37 asistentes

05/05/2017. Cursiño de iniciación ás aves. Os días 5 e 6 desenvólvese no salón de actos da SGHN Delegación Ferrol a charla "Iniciación ás aves acuáticas en primavera", impartida por Francisco Girón Veiga. O día 3 é teórico mentres que o día 4 é a parte práctica cunha visita de mañá á ría. Asistentes a ambas actividades 37.

TOTAL ASISTENTES: 209

Excursións/saídas guiadas

A Biblioteca sae ao medio

A Delegación Ferrol da Sociedade Galega de Historia Natural xunto coa Concellería de Educación ao abeiro do convenio asinado "A Biblioteca sae ao Medio" fan unhas rutas para descubrir a Natureza que nos rodea en vilas e aldeas. O concello asigna 1.000€ á adquisición de libros, aínda que a SGHN ten que asumir o seguro de responsabilidade civil.

- 22/04/2017. "Lendo a Natureza". Primeira ruta con motivo da feira do libro. Consiste nunha visita guiada para descubrir a vida e a xeoloxía no medio urbano, nun paseo polos xardíns do Cantón de Molíns. Ten unha duración máxima de dúas horas. Asisten 32 persoas.
- 9 de setembro 2017: "Doniños á noite". Duración: 3 horas aproximadas. Trátase de facer unha comparativa entre a fauna, a flora e a xeoloxía que podemos observar de día de noite. De ida e volta, saída do aparcadoiro da Praia de Doniños e remata no observatorio ornitolóxico a carón da lago, o percorrido é de 1,6 km (3,2 km) en total. Asisten 23 persoas.

- 16 de setembro 2017: “Doniños de día”. Saída Diurna. Saída similar á anterior en percorrido e tempo, para apreciar o cambio do percorrido coa luz do día. O bo día permite observar bastantes aves e exemplares de Lagarto arnal. Asisten 23 persoas.
- 27/04/2017 “A vida dun río”. Ruta por Esmelle, organizada pola Concellería de Mocidade de Ferrol, como premio ao alumnado de 4º da ESO do IES de Canido. Asistentes 30 persoas.
- 15-16/12/2017 Cursiño de Ornitoloxía organizado por SGHN Ferrol Iniciación ás aves acuáticas en inverno. 28 asistentes.
- 15/12/2017 Obradoiro "As aves acuáticas invernantes en Ferrol".
- 16/12/2017 Saída á ría de Ferrol

FerrolNaturalmente

Colaboración anual coa Concellería de Educación dentro do programa Artellando. Consiste en 8 sesións, dúas no Museo e outras en distintos paraxes de interese natural do concello. Están dirixidas ó alumnado de 4º de ESO e este ano seleccionaron a actividade 14 rapazas e rapaces.

- 7/10/2017 Presentación/ Introducción / Práctica
- 14/10/2017 Rutas dos Muiños: O nacemento dun río
- 21/10/2017 Chamorro / Menáncaro:
- 28/10/2017 Monteventoso /Lagoa sistema dunar de Doniños
- 04/11/2017 Covarradeiras/cabo Prior/Porta da Cova
- 11/11/2017 Brión /A Graña / San Felipe
- 18/11/2017 Piñeiral/ Castro de Lobadiz
- 25/11/2017 Xornada do Museo /Obradoiros de pegadas e lupas / Despedida

Colaboración outras entidades

03/02/2017 Facultade de Humanidades. O Delegado de SGHN-Ferrol participa como poñente nunha mesa redonda organizada pola Facultade de Humanidades dentro das "Jornadas de Museos, arquivos y bibliotecas" na sala de Teses da UDC en Ferrol.

17/02/2017 Xornadas sobre Arqueoloxía Mariña. Días 17, 18 e 19 de febreiro. Organizadas por Club do Mar Ferrol, Sociedade Galega de Historia Natural e Museo Naval.

- Venres 17 ás 18:30 Apertura e conferencia impartida por David Fernández Abella no salón de actos da SGHN (39 asistentes).
- Sábado 18 ás 11:00 Visita ao Museo Naval (20 asistentes).
- Domingo 19 Inmersión en canóns (9 asistentes).

12-13/08/2017 Participación da SGHN Ferrol en Equicio. Convidada pola organización e pola propiedade dos terreos, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Covas-Esmelle, que sufragou a impresión de sete cartaces interpretativos ad hoc, deseñados por SGHN. Os visitantes á exposición estímense nunhas 1000 persoas.

- Exposición. Estiveron expostos nunha carpa de Equicio os días 12 e 13, custodiándose no Museo. Tamén se instalou unha mesa con materiais da SGHN.
- Dúas “Visitas Interpretativas ás Cabazas” gratuítas, guiadas por membros da SGHN, asistindo en total 34 excursionistas.

23/11/2017 Colaboración co Consello da Cultura Galega coa participación do Delegado de SGHN-Ferrol na mesa redonda sobre “Antropoceno. As aves en Galicia” e redacción dun resume.

DELEGACIÓN DE OURENSE

Informe de Situación

Destaca en 2017 de novo a interacción con outras asociacións ambientalistas e non ambientalistas (Asoc. Estudos Sta. Mariña Augas Santas, Ateneo, Museo Arqueolóxico, Comité de Defensa dos Montes Galegos, Amigos das Árbores da Limia, Móvete por Nogueira, Ríos Limpos, CEIP Padre Crespo). Así mesmo o traballo conxunto coa Delegación de Pontevedra e a Sección de Entomoloxía, e sobre todo a colaboración constante coa Sección Antela.

Pode supor 2017 un cambio no futuro devir de SGHN en Ourense, pois varios socios teñen participado impartindo charlas, conferencias, incluso organizando saídas.

Importante tamén a constitución dentro da Delegación do Grupo de Arborado Urbano, formado por varios socios interesados, que teñen asistido a cursos de formación e dirixido escritos ao Concello de Ourense.

Resultado do anterior foi o incremento dos membros da Directiva có Coordinador do Grupo de Arborado Urbano.

Outra novidade foi a implicación de Delegación na venda dos libros: “Aves da Limia, dende a Lagoa aos nosos días” e “Aves na Limia” como deferencia para os socios da Delegación, que despois ampliouse ao resto da SGHN.

Interesante así mesmo a evolución positiva do facebook, atendido por dúas socias da Delegación.

Como todos os anos, continuouse a revisión diaria dos boletíns oficiais e medios de comunicación e envío ao resto de Delegacións e Seccións, así como a colaboración na páxina electrónica de SGHN e a participación nos temas propostos pola Xunta Directiva Xeral de SGHN.

ESPAZOS

A Limia resultou o espazo máis atendido pola Delegación con denuncias varias sobre contaminación e aproveitamentos de augas, así como alegacións aos novos proxectos de regadío ou ampliacións de explotacións areeiras e granxas avícolas e porcinas. Participouse activamente na revisión e alegación ao Plan Sectorial das areeiras da Limia, que resultou arquivado polas deficiencias detectadas. De gran interese, a negociación có propietario da zona de cría de *N. Nycticorax* e peche dos accesos para facilitar a crianza da especie. Ademais de facer o seguemento de niñificación de *V. vanellus* e distintas actividades en colaboración coa Sección Antela.

Con relación a outros espazos, solicitouse información sobre reactivación dunha canteira na Serra de Enciña da Lastra e comunicouse o proxecto dunha travesía polo Macizo Central, que finalmente non se celebrou.

FLORA

En canto ao arborado, ademais da creación do Grupo de Arborado Urbano e participación nalgunha das súas reunións, actuouse sobre a posibilidade da tala das vellas árbores da estrada de Celanova en Xinzo de Limia, que finalmente permaneceron grazas tamén á mobilización da xente do lugar.

Destaca a inscrición como árbore senlleira do Castiñeiro de “O Real” en Edroso (Viana do Bolo) proposto por SGHN.

Colaborouse de novo có Servizo de Conservación da Consellería de Medio Ambiente na erradicación da invasora *Ludwigia grandiflora*.

FORESTAL. INCENDIOS E MONTES

De novo fíxose durante 2017 un seguemento continuado dos incendios forestais, solicitando información varia á Xunta de Galicia, sempre sen resposta, e preparando as bases das notas de prensa e escritos presentados desde a XDX de SGHN. Relacionado có tema solicitouse das administracións a análise de hidrocarburos policíclicos en augas afectadas polos lumes.

Neste ano alegouse a varios proxectos de arroteamentos e o cambio de uso de varias parcelas.

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN, XEIRAS NATURALISTAS E EXCURSIÓNS

Xeira Entomolóxica por Enciña da Lastra.

Volvoretas nocturnas en A Limia.

Análise da situación do arborado no Parque das Mercedes en Ourense.

Seguemento da niñificación de *V. vanellus* en A Limia e *A. cinerea* en Valdeorras.

Censo de acuáticas invernantes da provincia de Ourense.

Comarca de Verín: Toro, Cerdedelo, Laza, ... conmemorando o Día do Medio Ambiente

Santo Estevo de Ribas de Sil e miradoiros da Ribeira Sacra

Museo do Pobo Galego e lugares emblemáticos de Compostela

Colaboración noutras saídas organizadas pola Sección Antela ou a Asoc. de Estudos de Santa Mariña de Augas Santas

CONFERENCIAS, CHARLAS E OUTRAS ACTIVIDADES

Nova Zelandia, un paraíso?

Centros de recuperación de fauna autóctona. Experiencias desde o voluntariado.

Charla sobre Incendios Forestais e Exposición “Serra do Larouco, o antes e despois” dentro das xornadas “Falando de Solidariedade”

Incendios Forestais. A marea negra do monte galego.

E outras en colaboración coa Sección Antela, o Ateneo de Ourense e a Asociación de Estudos de Santa Mariña de Augas Santas.

OUTROS

Seguemento de temas varios como caza e pesca, enerxía, ríos, demografía, política, urbanismo, estradas e ferrocarril, agricultura e gandeiría, cambio climático, etc.

En canto a infraestruturas, alegouse ao Plan Especial na zona de Fontenova en Verín e solicitouse información sobre as obras de ampliación do camiño San Paio-Medeiros.

En minería, alegouse a varias explotacións e colaborouse coa XDX nos informes arqueolóxicos en relación á mina de Touro.

Seguíuse a representación no Consello da Auga da CH Miño-Sil, representación que rematou neste ano estando pendente o novo representante dos grupos conservacionistas.

Coas aportacións recibidas e as propias, elaboráronse desde a nosa Delegación as alegacións á Lei de Patrimonio Natural de Galicia (42 páxinas de alegacións).

Reunións específicas varias:

Miradoiro Ambiental, organizado por Ríos Limpos.

Plataforma Pro-Ateneo, participación activa con diversas organizacións e grupos ourensanos para conseguir que o Ateneo non desaparecera.

Pacto pola Auga, organizada pola CH Miño-Sil

Reunión e rolda de prensa sobre a tala de arborado ornamental na estrada de Celanova en Xinzo, organizada por Amigos das Árbores da Limia.

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Informe de Situación

En 2017 cambiáronse algúns dos criterios de traballo para intentar achegarse máis á cidadanía. Desboutou o proxecto do concurso de debuxo por estimar que o seu impacto era moi limitado e requiría un esforzo de recursos e tempo notable. Abriuse unha nova liña de actuación desenvolvendo a I XORNADA GALEGA DE PATRIMONIO NATURAL E BIODIVERSIDADE, cun máis que notable éxito de participación e impacto.

Gándaras de Budiño mántívose como un dos eixos principais de traballo, especialmente pola labor do vogal de Gándaras, con múltiples actividades e colaboracións con outras asociacións.

ESPACIOS ZEC

ZEC ES1140011 Gándaras de Budiño.

Presentación dun proxecto a VozNatura de restauración ambiental na antiga parcela da aula de interpretación natural. Concedida.

11/02/2017 Día Internacional dos humidais. SGHN e a Asociación Trezecatorze coa colaboración do Programa Voznatura organizan un roteiro interpretativo pola Ruta dos Humidais en Salceda.

6/05/2017 A Asociación Trezecatorze, Olho de Sapo e SGHN organizan un roteiro xeolóxico interpretativo.

9/06/2014 Observación nocturna de avelaiñas (bolboretas nocturnas). Mostraxe destas especies coa metodoloxía para atraer ás avelaiñas.

8/07/2017 V Testing fotográfico da biodiversidade das Gándaras de Budiño. Catalogación fotográfica da flora e fauna.

6/08/2017 Restauración ambiental na parcela en recuperación situada en REDE NATURA2000. Tarefas de coidado de árbores, mantemento da parcela, inventariado de biodiversidade, limpeza de lixo e eliminación de prantas exóticas

invasoras.

11/11/2017 DÍA INTERNACIONAL DEL PATRIMONIO MUNDIAL Roteiro polo espazo natural das Gándaras de Budiño para identificar o patrimonio cultural no espazo natural, como poldras, pontes e pontellas.

2/12/2017 Saída de mostraxe e identificación de fungos co Grupo Micolóxico Galego e a SGHN. Se realizaron fotografías das especies para contribuir ó Catálogo de Biodiversidade do LIC Gándaras de Budiño. Catalogación de fungos e myxomycetos.

En total realizáronse 8 actividades á ZEC Gándaras de Budiño para seguemento do espazo natural, traballo de documentación e preparación de actividades.

Complementariamente con data 18/02/17 presentouse un escrito de denuncia diante da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio por diversos vertidos de entullo e pneumáticos.

ZEC ES1140004 Complexo Ons - O Grove

Alegación a unha macropiantación de viñedos no concello de Ribadumia á beira do río Umia que desemboca no complexo intermareal Umia-O Grove, entre outros motivos polo incremento de aportación de fitosanitarios ó río e ó propio complexo.

XEIRAS NATURALISTAS

9/04/2017 Xeira a Rubiá (Ourense) enfocada á fauna entomolóxica e botánica.

OUTROS

Mantenemento do facebook de SGHN Pontevedra. Incremento dun 82% no número de seguidores na páxina de Facebook da SGHN-Pontevedra, pasando dos 1.048 do 31 de decembro de 2016 ós 1.908 do 31 de decembro de 2017. Destacar así mesmo unha publicación viral con motivo da vaga de incendios de mediados de outubro, que foi compartida en 1.386 ocasións e cun alcance de 114.297 persoas.

- Atención a consultas ambientais de socios e non socios (3)
- Censos de aves invernantes, coa participación de 26 persoas. Realizados en oito xornadas de censo. Cubriuse a provincia de Pontevedra e a Ría de Ribadeo.
- I Xornada Galega de Patrimonio Natural e Biodiversidade. Desenvolveuse o 25 de novembro de 2017 coa presenza de 11 ponentes sobre diversos temas e a preinscripción de 167 persoas. Repasáronse diversos temas sobre o patrimonio e conservación ambiental.

12/03/17. Proxecto de Restauración de Hábitats na ZEC Gándaras de Budiño, no terreo onde se ubicaba o malogrado "Centro de Interpretación". En colaboración co Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra e colaboran o Concello do Porriño, Comunidade de Montes de San Salvador de Budiño e o Programa Voz Natura. Reforestación con árbores autóctonas: carballos, bidueiros, freixos, pradairos, érbedos e salgueiros.

Alegacións a unha canteira "Negrasol" no concello de Meis, propondo alternativas de mellora ambiental encaminadas a evitar a proliferación de especies invasoras e favorecer hábitats para organismos acuáticos.

SECCIÓN ANTELA

Informe de situación

As actuacións realizadas teñen como obxecto a recuperación de hábitats húmidos propios da comarca limiá e desenvólvense en tres ámbitos: Veiga de Gomareite, Humidal Antonio Villarino e Parcelas alugadas ao Agader/Bantegal.

Veiga de Gomareite.

Completouse a II fase do proxecto: “Recuperación de *E. viviparum*, *V. vanellus* e especies asociadas a humidais na ZEPA da Limiá” vinculada á realización de obxectivos agroambientales e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000. Con isto acadouse a retirada de 104 m3 de entullos e residuos variados amoreados pola Veiga e logrouse xuntar e redistribuír máis de 250 m3 de pedra limpa procedente das concentracións parcelarias todo elo deixando libre una superficie aproximada de 1 ha de Veiga. A pedra limpa empregouse para a construción dun murete rematado manualmente sellando a base das pedra coa terra removida e cós cachotes máis pequenos nos colocados pola maquinaria. Solicitouse e acadouse financiación para dar continuidade á retirada de lixo lixeiro a través da campaña “Libera natureza sin residuos” financiada por SEO-Ecoembes da que se desenvolveu unha primeira actuación.

Humidal Antonio Villarino

Progresa o "PROXECTO DE RESTAURACIÓN DUNHA PARCELA DESOUGADA NA ANTIGA VEIGA DE VILASECA". Ao amparo do acordo de custodia do territorio có propietario da parcela colindante, retiráronse as montoneiras de terra que aínda quedaban na parcela. E en vista da evolución da vexetación desbrozouse cós alumnos en prácticas do curso “Aproveitamento e conservación do Medio Natural” organizado por o CDR OViso.

Parcelas do Agader/Bantegal.

Mantense activo o programa “apadriña unha parcela” e os compromisos có Agader/Bantegal. Desbrozaronse 4 parcelas no ámbito das prácticas do curso de “Aproveitamento e conservación do Medio Natural” organizado polo CDR O Viso e acadouse un novo acordo de custodia do territorio cun gandeiro sobre outras 4 parcelas.

Na "poza dos arieiros" afrontouse unha nova xornada de control de especies exóticas invasoras e avanzouse no proxecto de remodelación.

En resumo, a finais de 2017, as superficies xestionadas por SGHN en A Limiá son:

1 parcela en propiedade 1,32 ha
40 parcelas alugadas ao Agader/Bantegal 15,48 ha
11 parcelas en sete acordos de custodia do territorio..... 20,72 ha

Ademais, están pendentes de resolución de aluguer có Agader/Bantegal outras 52 parcelas cun total de 26,00 ha.

A parte destas actuacións sobre o territorio, desenvóléronse as saídas habituais de celebración do día dos humedais e na procura do abellaruco, ademais dunha saída especial incluída no curso de Aves organizado pola Delegación de As Mariñas. Desenvolveuse unha actividade divulgativa para o CDR O Viso, a presentación do libro “Aves da Limiá” en Gomareite e a primeira prospección de avelaiñas.

De cara ao ano 2018 e segundo as posibilidades económicas, plantéxanse as seguintes propostas:

- Execución da II fase do proxecto Libera na veiga de Gomareite e, si fora posible, dar continuidade ao murete iniciado.
- Continuidade dos traballos no humedal Antonio Villarino.
- Avances nos proxectos "Poza dos arieiros", "Poza das conícoras" e "Poza das cegoñelas", os dous últimos pendentes de informe do Servicio de Conservación.
- Seguemento das actuacións ligadas ao aluguer de terras ao Agader/Bantegal e mantemento da campaña “apadriña unha parcela”.

SECCIÓN DE ASTRONOMÍA E CONTAMINACIÓN LUMÍNICA

OBSERVACIÓN ASTRONÓMICAS ABERTAS Ó PÚBLICO

18 conferencias e charlas en 12 colexios, Biblioteca municipal, Congreso de fotografía de Longa Exposición, participaron 962 persoas.

3 observacións astronómicas con 1 campamento e 2 asociacións, participaron 270 persoas.

Convenio co Concello de Ferrol, actividade “Coñecendo o Universo” durante o 2017, 13 observacións en 11 colexios, participaron 312 persoas.

DIVULGACIÓN

12 artigos en Diario de Ferrol e na WEB da SGHN coas efemérides astronómicas de cada mes.

12 artigos en Diario de Ferrol e na WEB da SGHN con fotografías astronómicas obtidas por socios da SGHN.

10 entrevistas sobre Astronomía e contaminación lumínica nos seguintes medios: Radio Voz, Diario de Ferrol, COPE e Ferrol 360.

OUTROS

Primeiro Congreso de Astronomía e Astrofotografía, organizado pola SGHN, no que se inscribiron 42 persoas.

SECCIÓN BOTÁNICA

Informe de Situación

A sección mantivo o mesmo enfoque que en anos anteriores, orientado á compilación de rexistros de campo de diversas especies de flora autóctona e exótica invasora. Continuación coa divulgación e realización do atlas de Flora Exótica Invasora e as fichas informativas.

DIVULGACIÓN

Realizáronse 13 fichas de flora exótica invasora e na actualidade hai un total de 39 fichas. Estas remítense aos colaboradores da sección, aos socios e publícanse na web cara a súa maior divulgación.

Realizouse unha charla divulgativa da SGHN e do Atlas de Flora exótica invasora na EU de Forestais en Pontevedra (07/11/17).

Asesorouse ao concello de Ferrol na realización dunha exposición sobre Especies Exóticas Invasoras.

Colaborouse coa Delegación de Pontevedra na organización das I Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade.

Tamén se atenden as persoas que fan preguntas sobre botánica, tanto vía correo electrónico como whatsapp.

SECCIÓN ENTOMOLOXÍA

Informe de Situación

A sección mantivo o mesmo enfoque que en anos anteriores, orientado á compilación de rexistros de campo de diversas ordes de insectos. Paralelamente estase a artellar a estrutura de rexistro de datos para facela compatible cos requisitos de Gbif e a representación baixo software libre tipo Qgis.

A divulgación a través da web con imaxes e as fichas de identificación son outro pilar do traballo desenvolto.

XEIRAS NATURALISTAS

22/03/2017 Xeira a Rubiá

02/03/2017 Xeira a Sálvora, nunha xornada coordinada co Parque Nacional das Illas Atlánticas

Noites de identificación de avelaiñas, abertas ó público e contando con sistemas de xeración de luz baixo lonxitudes de onda controlada. Realizadas na Illas de Arousa, lagoa de Antela e Gándaras de Budiño.

OUTROS

Na liña de manter as autorizacións legais preceptivas, elaboráronse e presentáronse os informes de capturas de insectos de 2016 e solicitáronse os permisos para 2017, que foron obtidos.

Preparouse un informe sobre a fauna entomolóxica coñecida da antiga lagoa de Antela.

DIVULGACIÓN

Editouse unha nova ficha divulgativa, relativa ós licénidos e que completa esta familia de lepidópteros.

Na páxina web seguiu incrementando a relación fotográfica de insectos identificados, con 212 imaxes publicadas.

Colaboración na divulgación a través do facebook de SGHN sobre os escarabellos de San Xoan e a súa aparición masiva.

Atendéronse diversas consultas sobre a *Vespa velutina*, identificación de artrópodos e coñecemento dos mesmos.

Conferencia no Parque nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia o 21 de febreiro de 2017 con motivo da reunión do BMS no parque, con 14 asistentes.

INVESTIGACIÓN

Inicio dun estudo de dous anos sobre a fauna lepidoterolóxica do Parque Natural de Enciña da Lastra en Ourense, encaminado a coñecer os lepidopteros diurnos presentes e a súa distribución no parque.

SECCIÓN HERPETOLOXÍA

Elaboración de presentación dos informes de capturas de hérpotos de 2016 e solicitáronse os permisos para 2017, que foron obtidos diante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza no mes de decembro de 2016.

Mantemento do convenio asinado entre Asociación Herpetolóxica Española (AHE) e SGHN para o intercambio de datos.

INVESTIGACIÓN

Prospeccións do Programa de Seguimiento de los Anfibios y Reptiles de España (SARE) no que colabora a SGHN coa AHE dende o ano 2009.

O día 21 de xuño fíxose unha entrevista coa V Televisión sobre as mordeduras de víboras que se están a producir nas últimas datas.

Durante todo o ano realizáronse diversas saídas por toda Galicia cara a obtención de datos para o Atlas de Anfibios e Réptiles de Galicia, especialmente centradas nas cuadrículas peor prospectadas nos anteriores anos e tamén nalgunhas especies de distribución máis restrinxida.

Atlas dos anfibios e réptiles de Galicia

	Anfibios	Réptiles	Totais
Datos ano 2017	530	389	919
Datos acumulados 2005/2017	11.830	7.476	19.306

Nº total de colaboradores: 318

SECCIÓN ORNITOLOXÍA

Realización e coordinación dos Censos de aves acuáticas e mariñas invernantes en colaboración con practicamente todas as delegacións e seccións.

Participación e asesoramento na presentación de documentos e denuncias por feitos, proxectos ou normativas que afecten á conservación das especies de aves en Galicia

Actividades de divulgación e información a socios e público en xeral a través de Correo electrónico ornitologia@sghn e facebook Delegación Pontevedra SGHN.

Participación e asesoramento na presentación de documentos e denuncias por feitos, proxectos ou normativas que poidan ser lesivas para a conservación das aves en Galicia.

DIVULGACIÓN

Cursiños de identificación de aves acuáticas e mariñas invernantes, abertos ao público en xeral. Xeiras ornitolóxicas complementarias destes cursiños.

Web da SGHN. Publicación de Galerías, Facebook

Elaboración de fichas de identificación de aves.

FORMACIÓN E INFORMACIÓN

Atención de demandas informativas de outras asociacións medio-ambientais e culturais de Galicia.

Coordinación dentro da S.G.H.N. daqueles proxectos multicéntricos deseñados por outras asociacións ou organismos que teñan como tema o estudo ou a protección das aves de Galicia (Exemplo: Atlas aves reproductoras-SEO)

MUSEO DE HISTORIA NATURAL

Informe de situación

En resumo, unha vez máis, o ano pasado o principal problema a abordar foi a demora excepcional na firma do convenio do Museo -realizada o 28 de outubro- pois levou á SGHN a unha situación de falta de liquidez extrema, ata o punto de decidirse en outubro a contratación dunha póliza de crédito con Abanca (non foi posible por un problema notarial, habendo que recorrer ao préstamo persoal de tres directivos, para facer os últimos gastos contemplados en convenio). Finalmente, este foi pagado polo Concello en dúas quendas: entre finais de decembro e primeiros de xaneiro.

En relación á xestión do Museo, conseguiuase cubrir por fin a praza de Administrador, á que se presentou Pablo Torrella, cuxo nomeamento definitivo aprobarase nesta vindeira AXO.

Dada esta situación xunto ao máisculoso retraso á hora de asinar o Convenio por parte do Concello de Ferrol, non foi posible facer máis gastos que os mínimos indispensables, pero pese a iso procurouse comezar con actividades para os socios, seguindo varias liñas de actuación que de seguido comentamos:

ORGANIZACIÓN INTERNA DO MUSEO (Laboral, seguridade, etc).

- Adapatación á LOPD e redacción de diversas normativas internas para optimizar o funcionamento, seguridade e xestión, conxuntamente co Corpo de Bombeiros do Concello de Ferrol, da revisión dos equipamentos de extinción e das vías de evacuación.

PARTICIPACIÓNS DO MUSEO

- Facultade de Químicas da USC: Por 2º ano, solicitan actividade para o Máster de Química Ambiental (1 charla sobre as lagoas costeiras e 1 visita á Lagoa da Frouxeira).
- Asoc. De Veciños A Graña: Charla “A *Vespa velutina*”.
- Montes Veciñais en Man Común de Marraxón: Charla sobre “Os escornabois e a importancia dos saproxílicos”.
- Conferencia na Facultade de Humanidades: “Jornadas de Museos, Archivos y Bibliotecas”.
- Presenza do Museo na Feira Mercalegre (Canido). Ao mesmo tempo, tamén unha xornada de portas abertas, (40 participantes).
- Aporte documental “Vagalumes” (VTV).

TRABALLO NO MUSEO

- Recollida de animais: 21 exemplares (2 ourizos cachos, 1 salamanquesa, 1 curuxa, 1 lagarto arnal, 2 *Vipera seoanei*, 1 píntega, 1 cirrio, 1 papuxa, 1 ferreiroño, 1 mascato, 1 teixugo, 1 arao romero, gaivotas patiamarelas,...).
- Actividade “Como se fai no Museo”: Semana Santa 2017. (61 participantes).
- Traballos de arranxo e mantemento do xardín: Salva. Ábrese o acceso libre - pero baixo control- ao público.
- Inauguración das exposicións temporais: “O Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal” e “Os minerais e as rochas de Ortegal”, ambas do Dr. Francisco Canosa.
- Inauguración de exposición temporal: “Doutor Libélula” do socio Ramiro Segade.
- Redacción, por parte do Administrador cando desempeñou labores de Conservador, da documentación de Comisariado para varias exposicións. Na actualidade, está preparada a seguinte documentación: A relacionada coa Colecc. de Xeoloxía do Dr. Francisco Canosa e a da Colecc. de Entomoloxía.
- Consultas de particulares e de medios de comunicación: ao redor de dúas ducias (velutina, gaivotas, víboras, lobo, Anthrenus, escornabois, xoaniñas, avespas oleiras,...).
- Novos cartaces para a exposición e recepción.
- En curso dende decembro, a fabricación dunha vitrina para acoller as quenllas e peixes.
- Tamén, en curso dende decembro, a instalación de novos sistemas de iluminación máis efectivos.

Ao respecto deste mesmo grupo de actividades relacionadas cos traballos no Museo, está a máisculosa labor que vén realizando o grupo de colaboradores, que neste ano, aumentaron en número e entusiasmo (preparación de pezas, mobles, dependencias, etc).

VISIBILIDADE DO MUSEO

- Presenza nos medios: TVG, Cadena SER, Radio Voz, VTV, Voz de Galicia, Diario de Ferrol e mesmo, contamos coa posibilidade de redactar un artigo de 8 páxs. sobre a historia do Museo da SGHN, que foi publicado nunha prestixiosa revista cultural e de expresión científica da Xunta de Galicia (A Croa, do Museo do Castro de Viladonga)
- Redes Sociais (Facebook, acolleu un enorme incremento de seguidores).
- Presentacións e mesas redondas sobre museos ou entidades relacionadas co eido medioambiental.
- Novo material de Merchandising no Museo: Planillas de sedimentos.

